

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	PONTEVEDRA
Edificio	Igrexa de San Francisco de Pontevedra
Dirección	Praza da Ferrería,s/n. 36002
	42.431376 -8.643274
Protección	
Descrición	<p>A igrexa, construída entre os últimos anos do século XIII e os primeiros da seguinte centuria, presenta planta de cruz latina, cunha soa nave rematada con tres capelas poligonais na cabeceira, a central máis grande que as laterais, cubertas con bóvedas de crucería. No cruceiro ábrense varias capelas. O claustro gótico foi substituído no século XVIII por unha ampliación do cenobio.</p> <p>Trátase dun templo gótico que destaca pola súa lonxitude e polas tumbas dos insignes pontevedreses que alberga. Entre elas pódese citar a do almirante-trovador Paio Gómez Chariño, que participou na toma de Sevilla en 1248, xunto a Fernando III o Santo.</p> <p>A parte máis antiga do convento é a portada da igrexa, que presenta arco apuntado e arquivoltas baquetonadas, portada que se cubría hai anos cun pórtico.</p> <p>A fachada ten sufrido diversas modificacións, sendo o rosetón de época posterior.</p> <p>A súa cabeceira de tres ábsidas resulta especialmente esvelta desde o exterior, onde se pode ver elevada xunto ó convento e sobre muros que pertenceron á antiga muralla.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	28-05-2026

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Menor	OCAMPO BLANCO, JUAN RAMÓN (1822 - 1898)	1873	65	159
Torre-campanario	INMACULADA CONCEPCION	DÍEZ SANTAMARÍA, MOISÉS	1910	85	356

Información completa: [Igrexa de San Francisco de Pontevedra - PONTEVEDRA \(GALICIA\)](#)

PDF (05-06-2026)